



3. Actividades relacionadas coa ecoloxía e a reciclaxe

3.1- Aprende a facer os teus disfraces con material reciclado

Descrición: Actividades baseadas na concepción de disfraces para o Entroido empregando materiais reciclados como pode ser cartóns, papel de periódico, botellas de plástico, ropas viejas, telas, cds, alambres, bolsas de plástico ou calquera tipo de material reutilizable e empregando moita creatividade.

Obxectivos: Co fin de que os rapaces aprendan a reciclar todo tipo de materiais mentres se divirten e, ao mesmo tempo, concienciar do valor do traballo de separación de residuos na casa e do adecuado depósito destes nos colectores, para seren aproveitados do xeito máis apropiado, e coñecer o proceso da reciclaxe e destino de residuos concretos cun único obxectivo: o coidado do medio ambiente.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporización e duración: Del 1 al 15 de febreiro

Achegas da concellería: Material

Colaboran: Doña María Dolores Castro, Educadora Medio Ambiental

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



3.2- Teatro Ecolóxico

Descrición: Obra teatral na que a temática aborda a problemática ambiental actual a través da expresión corporal indicando os distintos estados da natureza dunha forma dinámica e amena.

Obxectivos: Axudar á ecoloxía e ó medio ambiente inculcando nos espectadores hábitos e costumes máis cívicas e ecolóxicas, concienciando aos asistentes da importancia que ten o humano na natureza.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Tres días en abril, con actuacións polas tardes, para que sexa compatible cos horarios escolares.

Achegas da concellería: Persoal de apoio

Colabora: Sabela Gago

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



3.3- Semana da reciclaxe:

Descrición: 5 días dediados a un tipo de residuos diferente:

Día 1 *día azul*: No que se explicará todo sobre a reciclaxe de papeis o cal se inicia coa recolección, en zonas urbanas, de papeis e cartóns usados, para transformalos en novos produtos. O material recollido é destinado á industria, onde se lle separan as fibras vexetais das impurezas.

Día 2 *día amarelo*: No que se explicará todo sobre a reciclaxe de envases lixeiros. Para reciclar os envases dos produtos que consumimos habitualmente, primeiro hai que separalos en grupos segundo a natureza do material do que estean feitos e logo depositalos nos colectores de recollida selectiva instalados nas rúas dos nosos municipios.

Día 3 *día verde*: No que se explicará todo sobre a reciclaxe do vidro, indicando a facilidade coa que se recicla e o aproveitamento deste ao 100% vendo o proceso desde a recollida do vidro no iglú verde ata a planta de reciclaxe, apuntando as súas vantaxes.

Día 4 *día compost*: Charlas sobre a compostaxe (descomposicións control de materiais orgánicos como froitas, verduras, podas, pasto, follas, etc. Podemos axudar neste proceso, agregando nunha pola os materiais, engadindo auga e revolvendo para que se aireen, obtendo compostos.

Día 5 *día punto limpo*: Faremos unha saída ao punto limpo da cidade indicando a súa importancia como a recuperación dos materiais contidos nos residuos para o seu reciclaxe, como o papel, vidro, metais, etc.; evitar o vertido incontrolado de escombros e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e a separación dos residuos xerados nos fogares que representen un risco para o medio ambiente como os medicamentos, pilas, pinturas, etc.

Obxectivos: Dar a entender que a reciclaxe é imprescindible para o desenvolvemento sostible, coñecer a problemática da xeración de residuos que se forman continuamente na nosa vida cotiá e os problemas de saúde pública e escaseza de recursos. Comprobar que os esforzos cotiáns de separación que se fan nos fogares e o depósito diferencial do lixo nos colectores non é en balde. Coñecer a importancia e uso dos puntos limpos creados co peche de vertedoiros para recoller distintos materiais tanto os que se reciclan, como é o caso do papel ou do vidro, os que non teñen como destino a reciclaxe, caso das pilas, ou o aceite e outros materiais máis voluminosos, (mobles, electrodomésticos) e saber onde van parar con posterioridade.

Temporización e duración: Segunda semana de maio

Achegas da concellería: Persoal de apoio

Colaboran: Formato Verde, Consultoría medio ambiental Oxima

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



3.4- Facer xabóns. ¿Como reciclamos o aceite? Unha posibilidade tradicional

Descrición: O curso poderíase organizar en tres sesións, unha teórica e de información xeral, unha segunda eminentemente práctica e na terceira poderíase alternar a práctica cunha pequena conclusión recompilando o anterior e abrindo novas vías de investigación e concienciación para os asistentes.

1ª SESIÓN: A reciclaxe no Fogar. Fabricación de xabón seguindo o método tradicional.

Problema: Impacto ambiental dos residuos xerados no fogar.

Solución: Pautas para unha correcta reciclaxe.

Unha solución “caseira”: Facer xabón co aceite usado.

Breve historia do xabón

Medidas de seguridade imprescindibles para realizar os xabóns.

Métodos para a realización do xabón con sosa: en frío e en quente.

Concepto de saponificación.

Xabón de reciclaxe. Receita tradicional.

Como calcular unha receita?

Como levala a cabo?

Que variedades podemos realizar?

Tempos de espera e corte do xabón.

Tempo de curación.

Preparación da próxima sesión: Relación pormenorizada dos ingredientes e obxectos que han de conseguir para realizar o seu primeiro xabón.

Reparto de receitas para que escollan e, sobre todo, o que poidan conseguir con máis facilidade os aditivos para mellorar os xabóns.

Resolución de dúbidas e explicación máis detallada de aspectos que non quedaron suficientemente claros.

2ª SESIÓN: Sesión práctica na que cada alumno ou en parellas realizarán o xabón cos ingredientes e nos recipientes que se explicaron na primeira sesión. Eu recomendaría que fose por parellas para que poidan rotar porque o xabón ha de quedar moi ben mesturado, para que non se corte teremos que remover a bo ritmo durante, no mellor dos casos, 45 minutos. Esta sesión non poderá ser inferior ás dúas horas.

3ª SESIÓN: O resultado da 2ª sesión deberá descansar polo menos durante un día antes de ser cortado, pero non poderá ser utilizado ata que a sosa deixe de actuar e remate o proceso, polo menos 4 semanas. Esta última sesión será de pulido das pezas de xabón e empaquetado utilizando materiais que teñamos por casa. Para rematar daranse pautas sobre outras formas de facer xabón, abríranse camiños para a investigación individual e concluirei cunha reflexión sobre a importancia dos pequenos xestos na defensa do medio ambiente e no noso compromiso por crear un mundo mellor.

Obxectivos: Concienciar aos asistentes do impacto ambiental creado polos residuos formados no fogar, como neste caso, é o aceite. Coa reciclaxe destes produtos tentaremos frealo e produciremos novos produtos cunha receita tradicional caseira.



Dirixido a: Persoas adultas

Temporalización e duración: Xaneiro e febreiro. (mércores as tardes)

Achegas da concellería: Material e persoal de apoio

Colaboran: Maria, artesana

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



3.5- Aprende a facer os teus xoguetes con material reciclado

Descrición: Actividade na que se pretende reutilizar todo tipo de materiais para facer xoguetes, como poden ser:

Cartóns e tetrabricks para construír un autobús.

Cartóns e rolos de papel hixiénico para facer lapiseiros.

Tapóns de cortiza, unha botella de plástico e anacos de papel de seda para facer un peto de porquiño.

Bandexas de cortiza sintética, pintura e anaquiños de papel para facer un orixinal marco de fotos.

Caixa de deterxente, papel charol e papel de aluminio para facer as bólas e con todo iso faremos un trababolas.

Botellas de plástico, rolos de papel hixiénico e papel de cores para construírmos un avión.

Restos de tubos de plástico, caixas de cartón, vasos de iogur, restos de cables e pinzas da roupa para construír un robot.

Cartóns de ovos e tubos de papel hixiénico para facer un crocodilo.

Latas de tomates ou de melocotóns, cartolinas, restos de papel de agasallo e cordas usadas para facer uns zancos.

Vasos de plástico e cartóns de ovos para facer un verme

Obxectivos: Insistir sobre a importancia da redución de residuos (envases, cartóns, restos de papeis de cores, teas...); reutilización cando sexa posible e reciclaxe dos residuos facéndolle entender aos asistentes a importancia da reciclaxe e o papel fundamental que desenvolven cada un deles na separación dos envases nas súas casas e tamén coñecer as fases da reciclaxe facendo fincapé na separación na orixe.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Últimas semanas de decembro, con horario pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería:

Colaboran: Paco Tabará, Profesor, inventor, escritor, presentador de television

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es